



ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS
DE TRACCIÓN MECÁNICA

Artigo 1.

De conformidade co previsto no artigo 96.4 da Lei 39/1988 de 28 decembro, reguladora das facendas locais, o coeficiente de incremento das cotas do imposto sobre vehículos de tracción mecánica aplicable neste Municipio queda fixado no **1,56**

Artigo 2.

O pago do imposto acreditarase mediante recibo tributario.

Artigo 3.

1.- No caso de primeiras adquisicións dun vehículo ou cando estes se reformen de maneira que se altere a súa clasificación a efectos do presente imposto, os suxeitos pasivos presentarán ante a oficina xestora correspondente, nun prazo de trinta días a contar da data de adquisición ou reforma, declaración por estes impostos segundo modelo aprobado por este Concello o que se acompañara a documentación acreditativa da súa compra ou modificación, certificado das súas características técnicas e Documento Nacional de Identidade ou Código de Identificación Fiscal do suxeito pasivo.

2.- Pola oficina xestora practicarase a correspondente certificación, normal ou complementaria, que será notificada individualmente os interesados/as, con identificación do prazo de ingreso e dos recursos procedentes.

Artigo 4.

1.- No caso de vehículos xa matriculados o declarados aptos para a circulación, o pago das cotas anuais do imposto realizarase dentro do 1º semestre de cada exercicio.

2.- No suposto regulado no apartado anterior a recadación das correspondentes



cotas se realizará mediante o sistema do Padrón anual no que figuran tódolos vehículos suxeitos o imposto que están escritos no correspondentes Rexistro Público a nome de persoas ou entidades domiciliadas neste termino municipal.

3.- El Padrón ou matrícula do imposto se exporase o publico por prazo de 15 días hábiles para que os lexítimos intereses poidan examinalo e no seu caso, formular reclamacións oportunas. As exposicións ó público anunciaranse no Boletín Oficial da Provincia e producira os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.

Artigo 5º.

1.- De acordo co establecido no artigo 95.5 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establecece una bonificación do 100% para os vehículos históricos ou aqueles que teñan una antigüidade mínima de vinte e cinco anos, contados a partir da súa data de fabricación ou si esta non se coñecera, tomando como tal a da súa primeira matriculación, ou no seu defecto, a data no correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

2.- Terán unha bonificación dun 75% na cota dos Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica durante cinco anos naturais contados dende a data de primeira matriculación os contribuíntes que adquieran un vehículo eléctrico de biodiésel ou movido por catalizador homologado en substitución doutro que non dispuxera del, sempre que acrediten o devandito vehículo será destinado a desguace.

Deberá presentarse a ficha técnica do vehículo que acredite a súa inclusión nalgunha das categorías anteriormente previstas.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 1998, permanecendo en vigor ata súa modificación ou derogación expresa.



- Aprobada polo Pleno en sesión de 3 de decembro de 1997.
- Publicado no BOP nº 21, de 2 de febreiro de 1998.
- Aprobada a última modificación polo Pleno de 25 de outubro de 2012.
- Publicada no BOP nº 242, de 18 de decembro de 2012.